

**PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE  
LINGUA FRANCESA**

**EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

**CURSO 2018-2019**

**CPI DE XANCEDA**







## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación vai dirixida ao alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO do CPI de Xanceda, Mesía, durante o curso 2018-2019. En 1º e 2º o estudio da materia de Francés como segunda lingua estranxeira é obrigatorio. En 3º, esta materia é optativa. Neste curso non se conseguiu conformar grupo en 4º da ESO por seren un grupo reducido e non teren cursada a materia durante o curso anterior.

O obxectivo desta programación, coherente cos currículos oficiais e cos documentos do CPI de Xanceda, é formular os aspectos indispensables para que o alumnado acade ao final do curso correspondente as competencias básicas que lle permitan desenvolverse nos seguintes niveis, sempre atendendo ás súas características e necesidades particulares e traballando, en cada unidade didáctica, as destrezas ou habilidades lingüísticas.

A programación ten un carácter flexible e aberto, podendo ser adaptada ás necesidades que se presenten nas aulas, polo que é susceptible de modificacións.

O alumnado pertence a un nivel social medio-baixo dunha zona rural. As súas características respecto da aprendizaxe son as seguintes:

- En xeral, necesitan ser guiados na organización e na análise da propia aprendizaxe.
- Gústalles aprender mediante cancións e actividades lúdicas.
- Prefiren as sesións de carácter oral.
- Cústalles organizarse para traballar de forma cooperativa na aula.
- Á maioría non lle gusta ler na casa.
- Resulta difícil espertar a curiosidade dalgúns alumnos.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A materia de Francés como segunda lingua estranxeira contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos a citada capacidade comunicativa do alumnado.

A súa aprendizaxe, baseada nas habilidades comunicativas, contribúe ao seu desenvolvemento no mesmo sentido en que o fan a primeira lingua estranxeira e as linguas maternas. O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

O alumnado adquire as habilidades de escoitar, falar e conversar, e mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discurso e con funcións diversas.

Esta materia contribúe tamén de xeito esencial ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral, conferíndolle novas potencialidades e recursos para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade dos alumnos para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.

Esta competencia faise enormemente rendible se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada alumno e alumna poida identificar como aprende mellor e que estratexias lle son máis eficaces. O desenvolvemento de estratexias diversas de aprender a aprender prepara ao alumnado de forma progresiva na toma de decisións que favorecen a súa autonomía para utilizar e para seguir aprendendo a segunda lingua estranxeira ao longo da vida.

A nosa materia é ademais unha boa facilitadora do desenvolvemento da competencia social e cidadá. As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións pero tamén, en gran medida, son vehículo de transmisión cultural e favorecen o respecto, o interese, a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores.

Na aprendizaxe de calquera lingua, e concretamente na de Francés como 2ª lingua estranxeira, é especialmente relevante o traballo en grupo e por parellas. A través destas interaccións o alumnado desenvolve a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros e compañeiras e conseguir acordos. Pero, sobre todo, aprende a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, aprendendo de e con eles.

As tres competencias citadas están en relación directa coa competencia en tratamento da información e dixital. As tecnoloxías da información e a comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que crece cada día. O coñecemento do Francés facilita o acceso á información que se pode atopar nesa lingua, á vez que ofrece a posibilidade de utilizala na comunicación persoal a través do correo electrónico ou en intercambios con mozos e mozas doutros lugares, creando contextos reais, comunicativos e funcionais de interacción oral e escrita. Así mesmo, e na medida en que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia, e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

O currículo de Francés inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais e sociais propias da lingua e dos países nos que se fala. Xa que logo, contribúe a adquirir a competencia artística e cultural ao propiciar a paulatina aproximación a obras, monumentos, composicións ou autores que contribuíron á creación artística e histórica. Así mesmo, o feito de facilitar a expresión das opinións,

dos gustos e das emocións que producen as manifestacións culturais e artísticas e de favorecer traballos creativos individuais e en grupo, tales como a procura de información, análise, realización e representación de simulacións e narracións, contribúe ao desenvolvemento desta competencia. En definitiva, vehicular a segunda lingua estranxeira ao coñecemento e a apreciación da diversidade cultural a partir de manifestacións artísticas contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

O coñecemento da lingua francesa contribúe á adquisición da competencia de autonomía e iniciativa persoal en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e a toma de decisións respecto da planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e aínda que poida parecer que a materia de Francés pouco ou nada contribúe a conseguir a competencia matemática e a do coñecemento e a interacción co mundo físico, a realidade é que a súa achega é moi importante. Non hai que esquecer a relevancia que teñen as metodoloxías baseadas no ensino de contidos non lingüísticos en lingua estranxeira (seccións europeas, seccións bilingües...). O alumnado aprende a lingua estranxeira facendo e traballando outros contidos, de modo que practica aspectos como o vocabulario específico das distintas ciencias, a descrición de procesos naturais, lecturas comprensivas de textos de contido científico ou proxectos interdisciplinares ou europeos.

### 3. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

#### 1º e 2º de ESO:

O ensino da segunda lingua estranxeira nos cursos 1º e 2º da Educación Secundaria Obrigatoria ten como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
2. expresarse e interaccionar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
3. ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e aos intereses do alumnado, co fin de extraer información xeral e específica e, tamén, empregar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas empregando recursos axeitados de cohesión e coherencia.
5. empregar correctamente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.

6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
7. Empregar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
8. Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos variados.
9. Avaliar a lingua estranxeira e as linguas en xeral como medio de comunicación e de entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
10. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e no emprego da lingua estranxeira.

Os contidos distribúense cunha gradación de nivel de logro que segue as especificacións do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Así, están estruturados en 4 bloques que, inda que posúen unhas características distintas en canto a que precisan de metodoloxías diferentes e específicas para a súa aplicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe, son entendidos como un todo inseparable na práctica da competencia comunicativa e gozan do mesmo peso á hora de contribuír á aprendizaxe:

Bloque 1: escoitar, falar e conversar.

Bloque 2: Ler e escribir.

Bloque 3: Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe.

Bloque 4: Dimensión social e cultural.

Os dous primeiros bloques refírense ás habilidades, tamén denominadas destrezas lingüísticas, e ás estratexias que as poñen en funcionamento. O terceiro bloque establece os coñecementos de lingua e as estratexias de aprendizaxe necesarias para realizar as actividades lingüísticas. Por último, o cuarto bloque fai referencia aos aspectos socioculturais e de consciencia intercultural, tales como os relacionados cos costumes, formas de relación social, usos, actitudes, valores, crenzas e particularidades dos países de fala francófona. Este bloque ten un valor esencial para promover a tolerancia e a aceptación de formas de vida diferentes dende unha perspectiva pluricultural e multilingüe.

No primeiro curso da ESO, o alumnado debutante en Francés entra en contacto coa segunda lingua estranxeira. No segundo curso, trátase de continuar a súa familiarización con ela para empregala de xeito consciente en situacións de comunicación sinxelas e, progresivamente, ir acadando un dominio comunicativo suficiente, que lle permita empregar o Francés non só en situacións sinxelas da vida cotiá, senón tamén noutras que conectan co currículo e coas súas motivacións e intereses persoais.



Os contidos para estes curso están de acordo coas especificacións do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas e preséntanse adaptados aos dous niveis de concreción (A1+A2) do Portfolio Europeo das Linguas, que corresponden a un usuario elemental que xa ten superada a fase de sensibilización fronte a unha lingua estranxeira.

Obx	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc
<b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b>				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ i	B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:  Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.  Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.	B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.  B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os	B1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	CCL CD CAA CCEC
	Identificación de palabras clave. Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á	principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os	B1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.	CCL CAA CCEC
			B1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos	CCL CAA CCEC CD

Obx	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc
	<p>lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	<p>coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p>	<p>orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p>	
		<p>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>B1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
<b>Bloque 2. Producción de textos orais</b>				

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> </ul>	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</p> <p>Execución:</p> <p>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos</p>	<p>B2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p>
	<p>idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada</p>	<p>e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a</p>	<p>B2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
	<p>tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou</p>	<p>persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos</p>	<p>B2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>



Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc
	<p>da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos</p> <p>Lingüísticos: Modificación de palabras de significado parecido.</p>	<p>básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	
	<p>Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.</p> <p>Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.</p> <p>Petición de axuda.</p> <p>Paralingüísticos: Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p>		<p>B2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>
	<p>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara</p>		<p>B2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>

Obx	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc
	a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.		temas moi cotiás, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	
<b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b>				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ i	B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva) Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre	B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente. B3.3. Comprender información relevante e	B3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.  B3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.  B3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que	CCL CAA CCEC CD  CCL CAA CCEC  CCL CAA CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc
	contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.	previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia. B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.	se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade. B3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.	
<b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b>				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ i	B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).	B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.	B4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	CCL CAA CCEC CD
	Uso de elementos coñecidos	B4.3. Escribir mensaxes moi	B4.2. Completa un cuestionario sinxelo	CCL CAA

Obx	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc
	<p>obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p>	<p>sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p> <p>B4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p> <p>B4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
	<p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "páreceme ben", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións</p>			

Obx	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc
	<p>ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>			
<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ o</li> </ul>	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos máis básicos.</p> <p>Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma,</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de</p>	<p>B5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>B5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos,</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
	<p>punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da</p>			<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>



Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc
	súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas;	cortesía máis básicas nos contextos respectivos. B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos	despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.	
	condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa	desde as linguas que coñece. B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente	B5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	CCL CAA CCEC
	idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.	para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente. B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos	B5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi	CCL CAA CCEC CD

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc
	<p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de</p>	<p>transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>básicos e traballados previamente.</p> <p>B5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc
	<p>información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>- B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p>			



Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc
	<p>- Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			

### Contidos sintáctico-discursivos

Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*mais*); causa (*parce que*); finalidade (*pour*); comparación (*plus, moins*); explicativas (*parce que*).

Relacións temporais (*avant, après*).

Exclamación (*Oh là là! On y va!*); interxección (*oui!, non! Zut!*)

Negación (*ne/n'...pas*).

Interrogación (*qui est-ce ?, qu'est-ce que c'est ?, quoi, quand, comment, pourquoi, où; réponses (p. ex. oui, non); est-ce que?; adjectif interrogatif (p. ex. quel est ton sport préféré?)*).

Expresión do tempo: presente; futuro (*présent, futur proche*); *impératif*.

Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (*présent*).

Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*pouvoir*); necesidade (*il faut+infinitif*); obriga/prohibición (*il faut, imperativo*); permiso (*pouvoir : est-ce que je peux... ?*); intención/deseño (*vouloir*); cortesía (*distinction tu/vous*).

Expresión da existencia (presentativos, *c'est, ce sont*); da entidade (p. ex. *articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on), pronoms toniques*); os presentativos (ex. *c'est, voilà, il est*); a posesión (adxectivos posesivos dun só propietario); a existencia (ex. *il y a, il n'y a pas*); a cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares).

Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras; primeiros números ordinais; *articles partitifs*). Adverbios de cantidade e medidas (*un peu, trop, assez, beaucoup, un kilo, un tube*

Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à +ville)*).

Expresión do tempo: puntual (*l'heure, moments du jour (le matin, le soir)*); indicacións de tempo (*aujourd'hui*); duración (*de... à*); secuenciación (*à partir de + heure*); frecuencia (*d'habitude*).

Expresión do modo (*à / en + medios de transporte*).

### 3º de ESO

Ao comezar o terceiro curso, o alumnado cursou xa a segunda lingua estranxeira en dous cursos, polo que se atopan familiarizados con esa lingua e coa súa utilización en situacións de comunicación sinxelas, posuíndo un dominio comunicativo suficiente para utilizala en situacións habituais da vida escolar cotiá e noutras conectadas coas súas motivacións e intereses.

Neste cursos, os contidos seguen distribuídos coa gradación de nivel de logro que segue os consellos do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas e estruturados en catro bloques que, aínda que posúen características distintas en canto a que precisan metodoloxías diferentes e específicas para a súa implementación no proceso de ensino- aprendizaxe, son entendidos como un todo inseparable na práctica da competencia comunicativa e gozan do mesmo peso á hora de contribuír á aprendizaxe.

De acordo co que establece a lexislación vixente (as ensinanzas mínimas e o currículo autonómico), traballaranse os seguintes contidos, que se poderán adaptar aos niveis de coñecemento que teña o alumnado:

#### **Bloque 1: escoitar, falar e conversar.**

Comprensión de mensaxes orais de complexidade progresiva, articuladas con claridade e con pausas, para realizar actividades de aula.

Comprensión de textos orais de dificultade crecente e conectados cos seus intereses (diálogos, anuncios, información meteorolóxica, localización de persoas, de obxectos ou de lugares) en soporte audiovisual e multimedia, para extraer información global e algunha específica.

Identificación e dominio progresivo de aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión e a produción oral.

Participación en situacións reais ou simuladas de comunicación (conversas telefónicas, pedimentos, presentación dun mesmo e doutras persoas, compravenda, identificación de persoas, obxectos e lugares) dando respostas verbais e non verbais que supoñan unha escolla entre un repertorio cada vez máis amplo de posibilidades, en contextos cada vez menos dirixidos.

Emprego das convencións propias do proceso comunicativo: prestar atención á persoa que fala, respectar as quendas de palabra, contacto visual, actitude positiva e adecuación da resposta á intervención doutras persoas.

Emprego de estratexias básicas para apoiar a comprensión e a expresión oral: uso do contexto visual e non verbal e, tamén, dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos dende as linguas que coñece á lingua estranxeira e solicitando repeticións para garantir a comprensión.

Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicar e coñecer outras culturas.

### **Bloque 2: Ler e escribir.**

Asociación da grafía, da pronuncia e do significado a partir de modelos escritos e de expresións orais coñecidas e consolidación das asociacións grafía-son nas mensaxes empregadas en situacións funcionais de comunicación.

Lectura e comprensión de diferentes mensaxes significativas (entrevistas de personaxes de interese, bitácoras, instrucións de xogos, mensaxes de correo, narracións de sucesos, historias curtas,...) en soporte papel e dixital, adaptadas á competencia lingüística do alumnado, para empregar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa ou dun proxecto, ou para gozar da súa lectura.

Comprensión xeral e identificación de informacións específicas, solicitadas previamente, en diferentes tipos de textos sinxelos, adaptados e preferiblemente auténticos, en soporte papel e dixital, sobre diversos temas axeitados á idade do alumnado, que introduzan aspectos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.

Uso guiado de estratexias de lectura (emprego de imaxes, títulos e outras informacións visuais e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, transferidos dende as linguas que coñece o alumnado), identificando a información máis importante e deducindo o significado das palabras e das expresións non coñecidas.

Lectura expresiva e escritura de textos propios de situacións cotiás próximas, coma invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas, xogos...

Composición de textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados moi coñecidos oralmente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da vida cotiá.

Emprego das tecnoloxías da información e da comunicación para ler e transmitir información (Web, programas multimedia, correo electrónico).

Interese polo coidado na presentación dos textos escritos, valorando o sentido estético dos mesmos.

Interese por cooperar no emprego da lingua estranxeira escrita na aula, por expoñela como recordatorio visual e para a aprendizaxe de palabras novas e de expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos, calendarios, normas dexogos...).

Iniciación ao coñecemento e uso das estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda.

### **Bloque 3: Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe.**

Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no emprego da lingua, coma o substantivo, o verbo, o adxectivo, o adverbio, a preposición, os conectores básicos de adición (e, ou, tamén), a enumeración e a clasificación (en primeiro lugar, deseguido, logo, finalmente).

Identificación e utilización de expresións comúns, de frases feitas sinxelas relativas ao tempo meteorolóxico, aos gustos, á localización espazo-temporal, e mais de léxico relativo a contextos concretos e cotiáns de prioridade inmediata (comida e bebida, actividades cotiáns e de lecer, o corpo, o estado físico...).

Identificación de antónimos básicos de uso habitual.

Recoñecemento e pronuncia intelixible de fonemas básicos.

Recoñecemento e produción comprensible de patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

Ampliación de estratexias para organizar, adquirir, lembrar e empregar léxico.

Emprego de estratexias que permiten a adquisición de novos coñecementos e a súa integración na propia competencia: memorización, identificación de necesidades, inferencia.

Uso de estratexias para producir lingua axeitadamente: repetición por imitación e recoñecemento e uso de modelos da lingua estranxeira.

Uso de recursos para a aprendizaxe: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.

Reflexión sobre o emprego e o significado das formas gramaticais axeitadas a distintas intencións comunicativas.

Participación en actividades de avaliación compartida, na avaliación da propia aprendizaxe e no uso de estratexias de autocorrección.

Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.

Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.

Participación activa nas actividades e nos traballos de grupo.

Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e por escrito.

### **Bloque 4: Dimensión social e cultural.**

Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación internacional.

Identificación e respecto polos costumes e trazos da vida cotiá propios doutros países e culturas onde se fala a lingua estranxeira respecto a patróns culturais existentes en Galicia.

Iniciación á competencia intercultural mediante a identificación de aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira coas culturas do alumnado, analizándoos comparativamente, evitando os estereotipos e incidindo nos trazos característicos da cultura propia.

Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

Respecto pola cultura da lingua estranxeira en comparación coa galega, acadando unha consciencia intercultural que supere os estereotipos.

Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e aceptación da propia pertenza a ela, evitando actitudes etnocéntricas.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
<b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> </ul>	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.)</p> <p>Inferencia e formulación de</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.</p> <p>B1.2. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoi-</p>	<p>B1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras lin-</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> </ul>



Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
	hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.	tar o dito. B1.3. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves. B1.4. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.	guas. B1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. B1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CA</li> <li>▪ A</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul>
	B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.	B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito. B1.6. Seguir un texto breve arti-		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CA</li> <li>▪ A</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
		<p>culado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.</p> <p>B1.7. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.</p>	<p>B1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CA</li> <li>▪ A</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> </ul>
			<p>B1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CA</li> <li>▪ A</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSI</li> <li>▪ EE</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> </ul>

Obx	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
			B1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CA</li> <li>▪ A</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Bloque 2. Producción de textos orais</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> </ul>	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos neces-</p>	<p>B2.1. Pronunciar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedemen-</p>	<p>B2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CA</li> <li>▪ A</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CSI</li> <li>▪ EE</li> <li>▪ CD</li> </ul>



Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
	<p>sarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Execución:</p> <p>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p>	<p>tos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispoñen, ou a reformulación ou explicación de elementos.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.</p> <p>B2.5. Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito.</p>	<p>B2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en expresións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.3. Participa en conversacións informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresan-</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIE</li> <li>▪ E</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIE</li> <li>▪ E</li> </ul>

Obx	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
			do o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.	
			B2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> </ul>
<b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> </ul>	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica,</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as ex-</p>	<p>B3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
	<p>selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>perencias noutras linguas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.</p> <p>B3.4. Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou edu-</p>	<p>B3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente).</p> <p>B3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Obx	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
		cativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.	B3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			B3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> </ul>	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p>	<p>B4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxes-</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
	<p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os</p>	<p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>tións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans).</p> <p>B4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).</p> <p>B4.3. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p> <p>B4.4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar infor-</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
	<p>recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "éme igual", "sóame", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>		<p>mación, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.</p>	
<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ o</li> </ul>	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos máis básicos.</p> <p>Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p>	<p>B5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>B5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>



Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
	<p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde</p>	<p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu ni-</p>	<p>propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.</p> <p>B5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>B5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Comprende e comunica o propósito solici-</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIE</li> <li>▪ E</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
	<p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais</p>	<p>vel escolar, sempre que sexan traballados na clase previamente</p>	<p>tado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>C</li> </ul>



Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
	<p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <p>Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e</p>			

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc.
	<p>contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresións sinxelas de gustos), e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			

### Contidos sintáctico-discursivos

Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*par contre*); causa (*comme*); finalidade (*afin de + Inf.*); comparación (*plus/moins que*); consecuencia (*donec*); explicativas (*parce que*).

Relacións temporais (*de... à, dans, il y a, en*).

Exclamación (*Oh là là! On y va! Quel+nom !*); locucións adverbiais (*Tout fait ! Bien sûr !*)

Negación (negación nos tempos compostos).

Interrogación (*que, quoi; inversión (V + Suj.); réponses (si, pron. tonique + oui/non, pron. tonique + aussi/non plus).*

Expresión do tempo: presente; pasado (*passé récent, passé composé: participes passés avec les accords*); futuro (*futur proche*). Introducción do condicional (fórmula de cortesía: *j'aimerais*).

Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: *toujours, d'habitude*); incoativo;terminativo (*venir de + Inf.*).

Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*être capable de*); posibiliade/probabilidade (*peut-être*); necesidade (*avoir besoin de + infinitif, il faut*); obriga/prohibición (*il faut, verbe devoir, imperativo*); permiso (*pouvoir, demander*); intención/deseo (*avoir envie de*) ; cortesía.

Expresión da existencia (presentativos); a entidade (*articles, noms composés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs*); proposicións adxectivais (*qui/que*); a cualidade (posición dos adxectivos, *facile/ difficile à...*); a posesión (adxectivos posesivos).

Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; articles partitifs). Adverbios de cantidade e medidas (*un (tout petit) peu, trop, (beaucoup) trop, pas assez + Adj., un pot, kilomètres...*); o grao.

Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination).

Expresión do tempo: puntual (*moments du jour (le matin, le soir), demain matin, jeudi soir*) ; divisións (*au ... siècle, en (année)*); indicacións de tempo (*après-demain, avant-hier, tout de suite*); duración (*maintenant*); anterioridade (*l y a...que*); posterioridade (*plus tard*); secuenciación ( *finalement*); simultaneidade (*au moment où, en même temps*); frecuencia (*d'habitude, une/deux/... fois par...*).

Expresión do modo.

#### 4. SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Unha vez establecidos os contidos, hai que planificar a súa secuencia ordenada, é dicir, cando ensinar cada un deles. Esta secuencia dos contidos, en Unidades Didácticas, terá en conta varios principios: en primeiro lugar, deben considerarse os coñecementos previos e o desenvolvemento evolutivo do alumnado, co fin de poder adaptar pertinentemente os novos contidos á súa situación, feito que lle permitirá acadar unha aprendizaxe significativa. Así mesmo, a materia debe posuír un equilibrio interno e un desenvolvemento lóxico, continuo e progresivo, xa que para traballar determinados contidos é necesario coñecer outros previos. Do mesmo xeito, á hora de organizar as actividades e dependendo do momento, aínda que todos os tipos de contidos deben estar presentes, hai

que priorizar un. Finalmente, non podemos olvidar que ten que haber unha interrelación interna, dentro da materia, e outra externa, con outras materias.

Os métodos presentan unha organización dos contidos en 6 unidades didácticas, que repartidas de 2 en 2, corresponderán coas 3 avaliacións do curso. Esta temporalización é flexible, sendo susceptible de variacións, dependendo das características, das necesidades e dos resultados do alumnado, prevéndose ademais datas concretas para a realización de probas de avaliación e outras sen determinar para revisións.

## 5. METODOLOXÍA, MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaranse os métodos da editorial Oxford chamados “Arobase 2”, en 2º de ESO, e “Arobase 3”, en 3º de ESO. En 1º de ESO non haberá método en soporte papel, pois se empregarán materiais dixitais dos que se proponen no programa EDIXGAL, no cal o centro participa este ano por primeira vez. Aínda así, o profesor poderá empregar calquera outro tipo de material tanto físico como dixital para complementar as leccións a impartir.

Estes métodos considéranse axeitados e motivadores para os adolescentes, achegan unha imaxe global da cultura francófona e abordan temáticas de actualidade, que son do interese do alumnado. É de apreciar o xeito en que abordan temas tan áridos para eles coma a tipoloxía textual (o feito de que cada unidade didáctica estea adicada á análise, ao tratamento e á práctica dun tipo de texto é innovador), a gramática dedutiva-comparativa ou a reflexión sobre a lingua e o seu funcionamento. A presentación e o traballo sobre temas relativos á historia e á xeografía de Francia, así como o tratamento da francofonía como feito social contemporáneo e descentralizado da imaxe que achegan a meirande parte dos métodos (con Francia e París como centro neurálxico da vida en lingua francesa) supoñen un interesante valor engadido.

O seu enfoque e a súa metodoloxía están estreitamente relacionados con dous documentos promovidos polo Consello de Europa dentro do seu proxecto xeral de unificación de políticas lingüísticas: o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MCER, 1991) e a súa aplicación práctica, o Portfolio Europeo das Linguas (PEL, 2004). Tanto o MCER como o PEL propoñen unha reflexión sobre o que son a linguaxe e as linguas, o que significa aprender linguas, as capacidades que cómpre desenvolver para adquirir as distintas competencias, o xeito de establecer plans persoais de aprendizaxe e a maneira de avaliar o camiño percorrido.

Os métodos escollidos asumen como propia a filosofía de ambos documentos e suscitan un itinerario de aprendizaxe que acompaña ao usuario elemental debutante en segunda lingua estranxeira (nivel A) a través dos distintos niveis de competencia (Découverte: A1 - A1+ / Survie: A2 - A2+ / Seuil: B1...), ata adquirir as competencias lingüísticas e interculturais dun usuario independente (nivel B).

A proposta curricular destes métodos para a Educación Secundaria Obrigatoria baséase no convencemento de que a aprendizaxe é algo que se desenvolve “en espiral” (en boucle) e de que os docentes que traballan con alumnos e alumnas de idades comprendidas entre os 12 e os 16 anos teñen que estar constantemente retomando, facendo lembrar, relacionando os coñecementos novos cos doutras linguas e materias, repasando, comparando culturas e asegurándose da asimilación das aprendizaxes que teñen lugar na aula, para poder construír día a día o “saber” (savoir) e o “saber facer” (savoir faire) do alumnado.

Unha cuestión non menos importante para os docentes de Francés como lingua estranxeira é a dinámica de traballo e as rutinas de comportamento na aula, posto que o “saber estar” (savoir être) nesta materia comporta unha serie de peculiaridades moi propias da lingua e da sociocultura francófona. Así, un dos trazos de identidade do método céntrase en acadar que os alumnos e alumnas teñan presente, dende o primeiro día, que nas sesións de Francés se lles vai requirir un comportamento e un xeito de traballar específicos. Por exemplo, o respecto de certas regras nos intercambios orais, o emprego das normas de cortesía (politesse), ou a disciplina na utilización, moi pautada, do caderno no que toman notas e apuntamentos.

A práctica de aula baséase nos catro principios metodolóxicos que enunciámos deseguido:

1. Un programa de linguas estranxeiras non pode centrarse en trazos illados da linguaxe, xa sexan funcións, estruturas ou destrezas, senón que debe contemplar o desenvolvemento simultáneo da adquisición da lingua, da cultura e dos contidos como o punto clave da aprendizaxe. Nesta liña, as unidades didácticas do método proposto foron concebidas para traballar cunha metodoloxía global, con actividades que conducen á integración de todos os elementos citados. Préstase atención ás cinco destrezas fundamentais, tendo en conta a reflexión sobre a aprendizaxe e o desenvolvemento das estratexias necesarias para unha adquisición axeitada e o emprego da lingua estranxeira. Para que a aprendizaxe resulte significativa e comprensiva, o método recorre a temas que resultan atractivos para os mozos e mozas de 12 a 16 anos, así como a textos de contido interdisciplinar e intercultural que poñen en contacto as distintas ramas do saber.
2. O papel da competencia comunicativa nun programa de lingua estranxeira é esencial. As competencias dos alumnos e alumnas desenvólvense expoñéndoos a unha ampla diversidade de situacións, contextos e textos realistas e mediante actividades que lles permitan interaccionar cos materiais, ben de xeito individual, ben con outros compañeiros e compañeiras, en parellas ou en grupos pequenos, coa finalidade de acadar unha situación máis auténtica para a práctica da comunicación.
3. Descubrir unha nova lingua estranxeira implica, para o alumnado, pasar inevitablemente por dúas facetas dun mesmo proceso: a da aprendizaxe e a da adquisición.



A aprendizaxe defínese como o estudo consciente, formal e explícito da lingua estranxeira. Por exemplo, aprender regras de gramática, listaxes de palabras ou practicar a pronuncia, o que esixe unha disciplina por parte do alumnado.

A adquisición desenvólvese mediante actividades que teñen por obxectivo a codificación ou descodificación dunha mensaxe e nas que non se presta unha atención consciente aos detalles formais da lingua, isto é, prodúcese cando o alumno ou alumna asimilou e fixo propio o sistema da lingua obxecto de aprendizaxe.

Os métodos escollidos teñen en conta ambas facetas: as actividades de aprendizaxe céntranse na práctica imitativa da pronuncia, na dedución e na transferencia de significados a partir das linguas que os alumnos e alumnas coñecen e estudan, na gramática e no vocabulario, e a adquisición acádase mediante actividades que implican o emprego integrado das distintas destrezas lingüísticas para algún fin concreto, obrigando á posta en práctica dos coñecementos en diferentes contextos.

4. Os alumnos e alumnas ocupan unha posición central no proceso de ensino- aprendizaxe, o que conduce á necesidade de traballar estratexias que os leven a converterse en aprendices autónomos, é dicir, a “aprender a aprender”. Estas estratexias desenvólvense ao longo do curso de xeito explícito e implícito. O principal obxectivo de certas actividades é amosarlles claramente como aprender, como controlar conscientemente os erros, como comprobar o aprendido e como descubrir significados en Francés partindo dos seus coñecementos previos noutras.

Outras tarefas e exercicios incluídos nos materiais, máis algunhas suxestións para actividades de ampliación incluídas no Libro do profesor e nos Anexos, contribúen a desenvolver estratexias de forma implícita, guiando aos alumnos e alumnas para ser bos aprendices de lingua estranxeira.

O emprego destes métodos garante a adquisición e o desenvolvemento das cinco destrezas lingüísticas e traballa os catro / cinco bloques de contidos de acordo co currículo da LOE e da LOMCE, organizando a práctica pedagóxica cos seguintes compoñentes:

- Libro do alumno ou alumna (Livre de l'élève).
- Caderno de actividades (Cahier d'activités).
- Caderno de Francés (Mon carnet de français).
- CD audio.
- Libro do profesor (Livre du professeur).
- Anexos (Documents d'accompagnement): follas fotocopiáveis, transparencias, actos de fala, ditados, controis...

En cada unidade, as actividades do libro e do caderno complementáanse, cubrindo deste xeito as cinco habilidades lingüísticas e permitindo avaliar o desenvolvemento das capacidades explicitadas nos criterios de avaliación de cada curso. Tanto no libro como no caderno de actividades, en cada unidade



didáctica, unha dobre páxina inicial presenta o tema e catro páxinas máis traballan os contidos. En 2º, para rematar cada unidade, unha sección chamada Nos Nouvelles presenta no libro contidos de actualidade e de interese para os adolescentes (culturais, cívicos, literarios, artísticos, sociais...), mentres que no caderno, a páxina titulada L'île magique vai narrando ao longo do curso as peripecias dun grupo de superviventes dun naufraxio nunha illa abandonada.

O material de aula complétase con follas fotocopiabiles con actividades de ampliación e reforzo de estruturas xa traballadas, moi útiles para profundar, ampliar, repasar ou recuperar determinados contados, así como exemplos de controis.

Ademais de con estes materiais, contamos con outros recursos proporcionados polo centro:

- EDIXGAL
- Vídeo / DVD.
- TV.
- Radiocasette-CD.
- Dicionarios, libros, películas, CDs, DVDs, revistas, xogos...
- Cámara de vídeo.
- Ordenadores.
- Retroproxeutor.

Materiais que poden ser utilizados en diferentes espazos dispoñibles no centro:

- Aula ordinaria (distribución dos pupitres en filas ou en U, dependendo das actividades, taboleiros de cortiza para a exposición de traballos e biblioteca de aula).
- Aula de informática.
- Biblioteca.
- Espazos de usos múltiples.
- Patio.
- Ximnasio.

## 6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial, co fin de obter a maior información posible e coñecer mellor a situación de cada alumno e alumna, é dicir, conseguir unha visión dos seus coñecementos previos para construír o curso.

Enténdese a avaliación como parte integral do proceso de ensino-aprendizaxe, isto é, asignándolle unha función fundamentalmente formativa e de regulación da aprendizaxe, que permite ao docente e ao alumnado identificar, día a día, ao longo do curso, as lagoas ou deficiencias nos diferentes momentos do proceso, grazas á recollida continua de información. Isto facilitará a aprendizaxe, posto que se poden retomar os contidos, incorporando as modificacións máis oportunas e aportando solucións ás deficiencias sen necesidade de esperar ata o fin do proceso, o que axudará a evitar a desmotivación, ao mesmo tempo que valora o progreso.

Xa no final do curso, a avaliación servirá para valorar ou medir o grao de progreso e adquisición obtido por cada alumno e alumna respecto dos obxectivos propostos.

Esta recollida permanente de información do proceso de aprendizaxe aporta, á vez, datos para a calificación, atendendo ás diferenzas individuais, o que fai que os instrumentos de avaliación respondan aos criterios esenciais de diversidade e flexibilidade. En xeral, as calificacións, tanto ao final de cada trimestre como ao final do curso, virán dadas polos diversos instrumentos de avaliación: a observación sistemática do traballo e da participación do alumnado na aula, o esforzo cotián, a análise do resultado das tarefas propostas, tanto orais como escritas e tanto na aula como para facer fóra dela, o comportamento, a motivación e a actitude correcta do alumnado ante a aprendizaxe, así como os resultados das probas finais en cada trimestre. Estas últimas probas non terán maior peso que o resto de factores avaliadores, xa que se quere inculcar ao alumnado a importancia do traballo diario, da constancia, especialmente no estudo dunha lingua, onde non vale preparar a materia un ou dous días antes da proba.

Respecto da avaliación do desenvolvemento das capacidades enunciadas nos obxectivos xerais da área, moitas das tarefas e proxectos da aula cumpren a función de actividades avaliadoras, nas que o maior ou menor grao de realización dará unha indicación do cumprimento do obxectivo. Deste xeito, refórzase o papel formativo da avaliación ao non precisar de técnicas nin de instrumentos intrusivos, alleos ao proceso cotián de ensino- aprendizaxe.

A calificación final de cada avaliación calcularase en base á seguinte distribución:

- 70%: Calificacións das probas realizadas, que serán alomenos 2 en cada unha das 3 avaliacións (40% examen final + 30% media das probas realizadas durante a aval.).
- 20%: Realización de tarefas tanto na aula coma na casa.
- 20%: Participación activa. Libreta de clase ao día. Predisposición para a aprendizaxe.

Considerarase que o alumno ou a alumna teñen acadado o mínimo esixible en cada avaliación se obteñen unha calificación de 5 ou superior nunha escala de 0 a 10 puntos. Se a calificación é inferior a 5, suporá que non se ten acadado o mínimo esixible e será necesario realizar a proba de recuperación correspondente.

Para recuperar a materia de Francés suspensa na 1ª ou na 2ª avaliación, deberá obtense unha calificación mínima de 5 na proba obxectiva que se realice de xeito excepcional ou coma primeira proba da seguinte avaliación. Para recuperar a 3ª avaliación, poderá realizarse unha proba obxectiva ao final de dito periodo, polo que, de superala, suporá que o alumno ou a alumna acadou o mínimo esixible. No caso contrario, será necesario realizar a proba extraordinaria de setembro para superar o conxunto da materia.

### Mínimos esixibles para obter una avaliación positiva

Para que os alumnos e alumnas obteñan unha avaliación positiva ao remate do curso se terán en conta os aspectos seguintes:

#### 1º ESO

1. Participación, con actitude de colaboración, en situacións de comunicación sinxelas e básicas.
2. Lectura e comprensión de diferentes mensaxes adaptadas á súa competencia lingüística.
3. Escritura de palabras e enunciados moi sinxelos, coñecidos previamente.
4. Uso de estruturas lingüísticas e funcións comunicativas básicas relacionadas con situacións cotiás.
5. Recoñecemento e produción comprensible de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.
6. Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva para superalo.
7. Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
8. Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas dentro e fóra da aula.
9. Participación activa e cooperativa en actividades e traballos de grupo.
10. Uso das fórmulas de cortesía axeitadas aos intercambios sociais.
11. Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.
12. Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e de ser cidadán europeo, evitando actitudes etnocéntricas.

#### 2º ESO

1. Comprensión de mensaxes orais de complexidade progresiva e conectados cos seus intereses.
2. Identificación e dominio progresivo de aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación.
3. Valoración positiva das intervencións propias e alleas.
4. Lectura e comprensión de diferentes mensaxes significativas adaptadas á súa competencia lingüística.
5. Composición de textos sinxelos a partir de modelos.
6. Emprego das tecnoloxías da información e da comunicación.
7. Identificación e utilización de léxico relativo a contextos concretos e cotiáns de prioridade inmediata.
8. Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
9. Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas dentro e fóra da aula.
10. Participación activa e cooperativa en actividades e traballos de grupo.

11. Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.
12. Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e aceptación da propia pertenza a ela, evitando actitudes etnocéntricas.

### 3º de ESO

1. Comprensión de mensaxes orais de progresiva complexidade articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar relacionados coas actividades propias da aula, cos intereses dos mozos e mozas e cos seus sentimentos, desexos e gustos.
2. Interese pola pronunciación coidada, ritmo, entoación e acentuación adecuadas como aspectos fundamentais para a comprensión e a produción oral.
3. Confianza no uso das estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: uso do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos transferidos desde as outras linguas que coñecen á lingua estranxeira e solicitando repeticións e reformulacións para asegurar a comprensión.
4. Valoración das linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal para coñecer culturas e xeitos de vivir diferentes.
5. Uso progresivamente autónomo de estratexias de lectura (utilizando os elementos do contexto visual e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante, deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas e empregando dicionarios ou tradutores dixitais.
6. Produción de textos escritos sobre temas de interese elaborados seguindo as secuencias do proceso de produción, tanto de forma individual ou cooperativa.
7. Comprensión de palabras formadas cos prefixos e sufixos máis habituais. Uso de antónimos.
8. Uso de estruturas lingüísticas e funcións comunicativas asociadas a diferentes contextos propios da idade dos alumnos e alumnas.
9. Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
10. Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
11. Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
12. Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
13. Participación activa en actividades e traballos de grupo ou individuais.
14. Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e por escrito.
15. Valoración do uso da lingua estranxeira como medio para comunicar con persoas de orixes diversas.

16. Identificación dos trazos comúns e das diferenzas máis significativas que existen entre os costumes, usos, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda comparándoos cos patróns culturais existentes no noso país.

17. Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e da nosa pertenza á mesma, evitando actitudes etnocéntricas.

## 7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Centrarémonos naquelas que se poden aplicar no ámbito do ensino desta materia dentro da aula e deixando para a Orientadora do centro os casos de alumnos e alumnas que necesiten outras medidas. Partindo do recoñecemento de que ningún grupo de alumnos e alumnas é homoxéneo, que existen diferentes estilos de aprender, ritmos de aprendizaxe dispares e niveis de motivación desiguais, o obxectivo que se persegue é que todo alumno e alumna participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese. Para iso, o profesor achegará numerosas actividades co fin de responder axeitadamente ás diferenzas individuais. As actividades, entón, estarán dirixidas ben ao alumnado que remata antes o seu traballo (actividades de ampliación), ben ao que precisa traballar máis ou “doutro xeito” algún contido concreto (actividades de reforzo), incluíndo así mesmo actividades para explotar a oralidade (actes de parole) e atender ás diversas necesidades e ritmos de adquisición que amose cada grupo de alumnos e alumnas.

Os materiais do método empregado teñen tamén en conta que alumnos e alumnas sen unha gran capacidade como aprendices de linguas poden, con todo, ser bos en campos como a Arte, a Música, a Tecnoloxía, a Informática ou as Matemáticas, por exemplo, ou poden ter algunha afección que o docente pode aproveitar para as tarefas de grupo na aula (manualidades, presentacións en PowerPoint, pescuda de información,...).

Deste xeito, as medidas de atención á diversidade dentro da aula de Francés centraranse en:

Tempo e ritmo de aprendizaxe.

Metodoloxía personalizada.

Reforzo das técnicas de aprendizaxe: estratexias (traballo asistido coa docente).

Mellora dos procedementos, dos hábitos e das actitudes de traballo individuais (tarefas para realizar individualmente no centro ou na casa).

Tratamento dos distintos tempos e ritmos de asimilación (actividades de múltiples niveis).

Adaptación dos obxectivos do currículo de acordo cos mínimos esixibles en función das necesidades do alumno ou alumna.

## 8. REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Neste curso non haberá alumnos coa materia de Lingua Francesa pendente.



## 9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Para este curso, o Departamento de Francés poderá propoñer algunhas das seguintes actividades propias da área de Francés:

- Proxección de fragmentos de películas en versión orixinal francesa, con subtítulos en Francés ou en Castelán, dependendo do nivel do alumnado.
- Asistencia a algunha obra de teatro en Francés, dependendo da cantidade de alumnado interesado e do custe da entrada e do transporte ao lugar da representación.
- Realización dunha viaxe cultural a París.

## 10. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

O feito de incluír a lectura dentro da programación do Departamento de Francés faise coa idea de desenvolver un Plan Individual de Lectura en cada curso de Secundaria no que se imparte esta materia, de modo que, a través dun asesoramento individualizado do proceso lector, se atenda ao nivel dispar de competencia lectora de cada alumno e alumna e aos seus gustos temáticos.

Así, e no sentido de fomento da lectura, cada trimestre se poderá propoñer unha lectura fácil e graduada en Francés, segundo o nivel que presente cada alumno e alumna. Deste xeito, cada un deles poderá ler, alomenos, tres libros ao ano, diferentes aos dos demais. A avaliación desas lecturas levarase a cabo mediante un resumo na súa lingua materna sobre a historia que se conta.

## 11. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

No contexto actual de innovación e de desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación, é impensable que o alumnado non se forme para ser competente no seu dominio. E este debe abordarse dende calquera materia. Por iso, e porque a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente a esta materia, dende o Departamento de Francés empregaranse múltiples materiais dixitais (sobre todo no primeiro curso, onde o feito de dispoñer de ordenadores individuais para cada alumno e materiais en rede axudarán dun xeito moi importante); tamén serán propostas actividades para fomentar o seu uso e axudar aos alumnos e alumnas a acadar a competencia en tratamento da información e a dixital.

Esas actividades levaranse a cabo tanto na aula de referencia coma na aula de informática, e consistirán na escoita de fragmentos de conversas ou de cancións, na busca de información pertinente, na consulta de dicionarios ou de contidos de civilización, na realización de exercicios de vocabulario e de gramática..., e outras que vaian xurdindo segundo as características e as necesidades que presente o alumnado.



Os grupos de 1º e 2º de ESO disporán neste curso de equipamento ABALAR, polo que a integración das TICS será nestes casos máis doada e continua. Ademais, dende este curso o centro forma parte da experiencia EDIXGAL, a desenvolver no 1º curso de ESO, polo que se empregarán contidos propostos dende as diferentes fontes dispoñibles.

## **12. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

Como criterios de avaliación da programación, co obxecto de comprobar que se debe cambiar para o seguinte ano académico e que se debe manter, pódense citar os seguintes:

1. Nivel de adquisición das competencias e dos obxectivos.
2. Idoneidade da selección, da secuencia e da temporalización dos contidos.
3. Adecuación dos procedementos, instrumentos e criterios de avaliación.
4. Idoneidade da metodoloxía e dos recursos didácticos empregados.
5. Éxito das medidas de atención á diversidade e do programa de reforzo para a recuperación da materia pendente.
6. Beneficios das actividades complementarias e extraescolares, do plan lector e do plan de integración das TICS no alumnado.

## **13. DATOS DO DEPARTAMENTO**

O departamento de Francés é unipersoal. O titular é David Quilón Aguilar, xefe do departamento e profesor con destino definitivo no centro.

Durante este ano o Departamento ten asignada a seguinte distribución horaria:

- 6 horas de Lingua Francesa (2 en 1º de ESO, 2 en 2º de ESO e 2 en 3º de ESO).
- 2 horas de Valores Éticos (1 en 3º de ESO e 1 en 4º de ESO).
- 3 horas de Apoio Educativo en 2º e 3º de ESO.
- 5 horas de Coordinación de Biblioteca.
- 1 hora de Reunión do Equipo de Biblioteca.
- 4 horas de Garda de Aula.
- 1 hora de Garda de Transporte.
- 1 hora de Tutoría de Pais, Nais e Alumnos.

En Xanceda, a 26 de setembro de 2018

O Xefe do Dpto: DAVID QUILÓN AGUILAR